



AVISO CRITERIOS BAREMACIÓN ENTREVISTAS ERASMUS+

En consonancia coas resolucións dos proxectos 2020-1-ES01-KA102-079982 e 2020-1-ES01KA103-079499, especificanse a seguir os criterios de baremación dirixidos ao persoal candidato a participar nos anteditos proxectos para optar a unha mobilidade no marco do programa Erasmus+.

De acordo co segundo punto do artigo 5 de ambas as dúas resolucións, baremaranse tres ámbitos: antigüidade no centro, competencias lingüísticas e competencias persoais e actitudes.

Así, desenvólvense os criterios indicados nas resolucións como paso previo ás entrevistas cuxa data será comunicada ao alumnado aspirante:

I. Antigüidade no centro (máximo 2 puntos).

- Con data de destino definitivo anterior ao curso 2017-2018: 2 puntos.
- Con data de destino definitivo comprendida entre o curso 2017-2018 e a actualidade: 1 punto.
- Con destino provisional: 0 puntos.

II. Competencias lingüísticas no idioma do país de acollida ou idioma de traballo, en caso de que sexa diferente a do país de acollida (máximo 5 puntos).

A valoración das competencias lingüísticas farase tendo en conta as seguintes variables:

- a) Certificacións de competencias lingüísticas aportadas.
- b) Probas realizadas no propio centro, no caso de que non teña certificación de competencias lingüísticas.
- c) Calquera outro método para probar as competencias lingüísticas decidido polo comité de selección:

Neste apartado *II*, desenvolveranse os apartados *a)* e *c)* como segue:

- a) Certificacións de competencias lingüísticas aportadas:
 - ata A2 no idioma do país de acollida ou idioma de traballo: 1 punto.
 - B1 no idioma do país de acollida ou idioma de traballo: 1,5 puntos.
 - B2 no idioma do país de acollida ou idioma de traballo: 2 puntos.
 - C1 ou C2 no idioma do país de acollida ou idioma de traballo: 2,5 puntos.
- c) Calquera outro método para probar as competencias lingüísticas decidido polo comité de selección:
 - a saber, 0,5 puntos por cada ano cursado de inglés ou do idioma do país de acollida como lingua estranxeira ou sendo esta a lingua vehicular de docencia en materias da



titulación habilitante (até 2,5 puntos). Para este apartado, será precisa a presentación de certificación académica ou equivalente que especifique o plan de estudos cursado.

III. Competencias persoais e actitudes (máximo 3 puntos).

Esta valoración farase tendo en conta a opinión da comisión avaliadora do centro sobre a idoneidade do profesorado para aplicar no centro a formación recibida.

Neste apartado valoraranse, entre outros, as motivacións persoais e profesionais para a participación no proxecto, así como o impacto que a formación recibida terá no centro e o seu alumnado.

Deberase obter neste apartado un mínimo de 1,5 puntos para poder ser seleccionado.

IV. No caso de empate nos méritos, darase prioridade, pola seguinte orde:

- Ao profesorado que nunca participara nas mobilidades do Programa Erasmus+.
- Por sorteo.

A efectos de notificación co profesorado candidato, contactarase por correo electrónico dende o enderezo corporativo de mobilidades do centro: programas.internacionais.ies.vilamarin@edu.xunta.gal.

En Vilamarín, a 23 de xaneiro de 2023.

A directora, Eva Fachado Rubio

O responsable de dinamización de programas internacionais, Alejandro Limeres Otero

